Programación Lírica da Coruña
Actividades paralelas 2019

afundacion.org amigosoperacoruna.org

Amigos de la Ópera de A Coruña

//Afundación
Obra Social ABANCA

Programa

AGOSTO

Luns 19 • Cine: *Carmen* | **19 h**
Luns 26 • Cine: *Tango* | **19 h**
Martes 27 • Cine: *Espadas cruzadas* | **19 h**

SETEMBRO

Luns 2 • Cine: *Bodas de sangre* | **19 h**
Martes 3 • Cine: *Casanova* | **19 h**
Luns 9 • Cine: *Io, Don Giovanni* | **19 h**
Martes 10 • Proxección de ópera: *Juan* | **18 h**
Xoves 12 • Encontro e coloquio con Carlos Saura | **20 h**
Luns 16 • Cine: *Fados* | **19 h**
Luns 23 • Proxección de ópera: *Giovanna d'Arco* | **18 h**
Martes 24 • Proxección de ópera: *Don Giovanni, il convitato di pietra* | **18 h**
Venres 27 • Coloquio sobre *Don Carlo* | **20 h**
Luns 30 • Proxección de ópera: *Otello* | **18 h**

OUTUBRO

Xoves 3 • Conferencia: «Valle-Inclán y la ópera», por J. L. Méndez Romeu | **20 h**
Venres 4 • Proxección de ópera: *Divinas palabras* | **18 h**
Luns 7 • Proxección de ópera: *Lohengrin* | **18 h**
Xoves 10 • Concerto «As novas voces galegas»: Gabriel Alonso Díaz | **20 h**
Luns 14 • Proxección de ópera: *Norma* | **18 h**
Luns 21 • Proxección de ópera: *Roberto Devereux* | **18 h**
Venres 25 • Concerto de Carlos Mena e Concerto 1700 | **20 h**
Sábado 26 • Concerto do curso de interpretación vocal de Mariella Devia | **20 h**

NOVEMBRO

Mércores 6 • Presentación do libro *Inés Rivadeneira, una vida para el canto* | **20 h**
Martes 12 • Conferencia: «65 años del Festival de Ópera de A Coruña», por J. Andrade Malde | **20 h**

Bosquexo de Carlos Saura para *Don Giovanni*

Ciclo de cine
Carlos Saura

19 agosto | 19 h

Carmen

Dir. Carlos Saura
Laura del Sol, Antonio Gades, Paco de Lucía

A primeira achega de Saura ao mito de Carmen saldouse cun enorme éxito internacional. O director inspirouse en Merimée e Bizet para crear un filme orixinal e intenso en que a música e a danza ocupan un lugar esencial. A partir de aí, Saura dirixiría as súas primeiras postas en escena da célebre ópera.

26 agosto | 19 h

Tango

Dir. Carlos Saura
Mario Suárez, Elena Flores

Nas múltiples e variadas aproximacións de Saura á música, este filme ocupa un lugar moi destacado pola excelente acollida que tivo en todo o mundo. Gran Premio do Festival de Cannes, (Saura é o realizador máis premiado na historia desta importante cita) e nomeada ao Óscar, a película é unha auténtica obra mestra, plena de sensibilidade e beleza

2 setembro | 19 h

Bodas de sangre

Dir. Carlos Saura
Antonio Gades, Cristina Hoyos, Marisol

Posiblemente a maior adaptación cinematográfica da obra de Lorca, abriu para Saura un novo período de experimentación sobre o poder visual da danza e a música. Constitúe outra referencia internacional e é considerado un dos mellores traballos do grande Antonio Gades.

9 setembro | 19 h

Io, Don Giovanni

Dir. Carlos Saura
Borja Quiza
VOSE

Do interese de Saura pola ópera de Mozart xorde esta xenial evocación sobre a relación entre tres xenios: o propio compositor, o libretista Lorenzo Da Ponte e o libertino Giacomo Casanova. Con fotografía de Vittorio Storaro, é un dos mellores traballos recentes do director para o cinema, inspirado pola súa fonda admiración cara á obra mestra do gran músico salzburgués.

16 setembro | 19 h

Fados

Dir. Carlos Saura
Carlos do Carmo, Caetano Veloso, Mariza

O fado naceu en Lisboa hai máis de cento cincuenta anos coma un lamento dos habitantes dos arrabaldes para contar historias de nostalxia e dor. Pouco a pouco foi chegando aos ambientes cortesáns e co paso do tempo converteuse no mellor embaixador que Portugal ten ao longo do mundo. A través das raíces do fado e coa colaboración dos seus intérpretes máis destacados, Saura descóbrenos unha cultura, unha cidade e un país que está moito máis preto do que semella.

Ciclo de cine e proxeccións de ópera
En torno a *Don Giovanni*

27 agosto | 19 h

Espadas cruzadas

Dir. Milton Krmis
Errol Flynn, Gina Lollobrigida, Nadia Gray
VOSE

Erroll Flynn, nun dos seus mellores papeis, dá vida a un irredutible sedutor, expulsado de Xénova ante a súa negativa de acatar o decreto que o obriga a casar. Filme de aventuras cunha espléndida Gina Lollobrigida.

3 setembro | 19 h

Casanova

Dir. Federico Fellini
Donald Sutherland
VOSE

Libremente inspirado nas memorias do célebre sedutor, a historia rememora parte da vida de Casanova, en quen se di que Lorenzo Daponte encontrou inspiración para o libreto do *Don Giovanni* mozartiano.

10 setembro | 18 h

Juan

Dir. Kasper Holtens
Christopher Maltman, Mikhail Petrenko, Elizabeth Futral
Sin subtítulos

Orixinal montaxe cinematográfica sobre a ópera de Mozart que segue fielmente a partitura. O seu protagonista, o barítono Christophe Maltman, é un dos intérpretes máis requiridos para este personaxe.

24 setembro | 18 h

Don Giovanni, il convitato di pietra

Dir. Giuseppe Gazzaniga
Roberto Iluliano, Linda Campanella, Alberto Rota
Sin subtítulos

Montaxe da ópera de Gazzaniga, un dos varios títulos sobre o Don Xoán en que Lorenzo Daponte e W. A. Mozart se inspiraron para crear o seu *Don Giovanni.* Aquí ofrécese a ópera completa na súa versión orixinal, en lingua italiana.

Piotr Beczala

Ciclo de proxeccións de ópera
Os nosos cantantes

23 setembro | 18 h

Carlos Álvarez en *Giovanna D'Arco*

Coincidindo coa participación do gran barítono español Carlos Álvarez no *Don Carlo* de Verdi da Programación Lírica 2019, proxectarase unhas das súas máis recentes actuacións en La Scala de Milán. *Giovanna D'Arco* é unha das óperas de xuventude de Verdi, aquí servida pola fantástica batuta de Riccardo Chailly.

30 setembro | 18 h

Johan Botha en *Otello*

O ano pasado produciuse o repentino falecemento dun dos mellores tenores de hoxe, Johan Botha, que debutara no Festival de Ópera coruñés en 2005 nun recordado *Lohengrin*. Agora lembrarémolo noutro dos seus grandes roles, o *Otello* verdiano nunha produción do Metropolitan de Nova York canda Renée Fleming.

7 outubro | 18 h

Piotr Beczala en *Lohengrin*

O vindeiro 23 de outubro, un dos mellores tenores de hoxe, o polaco Piotr Beczala, debuta na Programación Lírica coruñesa cun recital no Colón. Aquí ofrécese unha das súas actuacións máis celebradas e recentes, o *Lohengrin* wagneriano que cantou xunto á soprano Anna Netrebko no Festival de Beirut e baixo a batuta de Christian Thielemann.

Sondra Radvanovsky

14 outubro | 18 h

Sondra Radvanovsky en *Norma*

O 13 de novembro, unha das sopranos máis aclamadas dos nosos días, Sondra Radvanovsky, debuta por fin na Coruña cun recital no Rosalía. Á espera desa cita, poderase gozar dun dos seus grandes papeis, a *Norma* de Bellini que cantou no Metropolitan neoiorquino canda a mezzo Joyce DiDonato e o tenor Joseph Calleja.

21 outubro | 18 h

Mariella Devia en *Roberto Devereux*

Este ano a soprano Mariella Devia, galardoada nos últimos Premios Líricos como mellor cantante pola súa *Lucrezia Borgia* coruñesa, faise cargo do Curso de Interpretación Vocal da Programación Lírica. Aquí poderémola escoitar nunha das súas máximas recreacións, a raíña Isabel de *Roberto Devereux* de Donizetti canda o tenor Gregory Kunde.

Concertos


Gabriel Alonso Díaz

10 outubro | 20 h

As novas voces galegas Gabriel Alonso Díaz, barítono

O Ciclo que Amigos da Ópera impulsa desde hai máis dunha década para dar a coñecer as novas figuras do canto da nosa comunidade acada unha nova edición. Desta volta, o mozo barítono de Ferrol, Gabriel Alonso Díaz, despois do seu recente éxito no Concurso de Canto de Logroño, onde recibiu un dos primeiros galardóns, ofrecerá un recital con cancións italianas e galegas, arias de óperas e romanzas de zarzuela. Acompañarao o pianista Duncan Gifford.

25 outubro | 20 h

Carlos Mena e Concerto 1700

O barroco chegará desta volta á programación da man do número un dos contratenores españois da actualidade, Carlos Mena, que ofrecerá un concerto en coprodución co CNDM. O cantante e Concerto 1700, un dos grupos barrocos novos máis dinámicos do momento, ofrecerá a estrea en tempo moderno de catro cantadas de José de Torres, o sucesor de Durón na capela Real e canda Nebra e Iribarren, os compositores de máis alta calidade do barroco español.

26 outubro | 20 h

Concerto final do alumnado do curso de interpretación vocal de Mariella Devia

Mariella Devia

Conferencias e coloquios

Carlos Saura

12 setembro | 20 h

Encontro con Carlos Saura

O célebre realizador conversará co público sobre o seu traballo na posta en escena de *Don Giovanni* de Mozart, que se estreará na Coruña o día seguinte.

27 setembro | 20 h

Coloquio sobre *Don Carlo*

Este día realizarase un coloquio sobre o *Don Carlo* de Verdi, que se ofrecerá como estrea de Amigos da Ópera o 28 de setembro no Teatro Colón

3 outubro | 20 h

Valle-Inclán y la ópera, por José Luis Méndez Romeu

O ex concelleiro e ex conselleiro, José Luis Méndez Romeu, un dos principais artífices da creación da Sinfónica de Galicia, converteuse nun dos maiores expertos e estudosos da relación entre a obra de Valle-Inclán e as súas adaptacións operísticas, tan abundantes como pouco coñecidas. Unha magnífica ocasión para saber máis sobre o escritor galego

.

4 outubro | 18 h

Proxección de *Divinas palabras*

Coincidindo coa charla de José Luis Méndez Romeu, poderase ver *Divinas palabras,* a ópera de Antón García Abril baseada na xenial obra de Valle-Inclán, con que se reinaugurou o Teatro Real. Plácido Domingo encabeza o elenco desta ópera.

6 novembro | 20 h

Presentación do libro *Inés Rivadeneira, una vida para el canto*

O intelectual coruñés Julián Jesús Pérez Fernández presentará a súa obra *Inés Rivadeneira, una vida para el canto,* dedicado á recoñecida soprano galega.

12 novembro | 20 h

Conferencia 65 años do Festival de Ópera da Coruña, por Julio Andrade Malde

//Afundación
Obra Social ABANCA

Organiza:

Colaboran:

O papel deste folleto é 100 % reciclado e foi producido baixo unha xestión forestal responsable.